

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 21 de xaneiro de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario da categoría de médico/a xeral do Centro de Transfusión de Galicia (na actualidade Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos).

Coa finalidade de estender o procedemento de concurso de traslados aberto e permanente a todas as categorías e así facer efectivo o dereito á mobilidade voluntaria do persoal estatutario fixo recoñecido no artigo 17 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e acadar un mellor desenvolvemento profesional, esta dirección xeral, en virtude das facultades conferidas polo artigo 18 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 208, do 31 de outubro), e polo artigo 7 da Orde do 22 de abril de 2020, de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (DOG núm. 82, do 29 de abril), logo de negociación das bases no seo da Mesa Sectorial de Sanidade, coa aprobación das organizacións sindicais CIG, CESM-O'MEGA, CC.OO., CSIF e SATSE,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar a convocatoria de concurso de traslados para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario da categoría de médico/a xeral do Centro de Transfusión de Galicia (na actualidade Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos).

Esta convocatoria manterá a súa vixencia no tempo, cunha oferta de prazas e adxudicación de destinos que terán unha periodicidade mínima anual e que serán publicadas, ambas as resolucións, no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Segundo. A solicitude de participación no concurso deberá efectuarse a través da Oficina Virtual do Profesional (Fides/expedient-e/Sección de Procesos), dirixirase a unha uni-



dade de validación das relacionadas no propio formulario electrónico de inscrición e deberá presentarse por rexistro electrónico.

Terceiro. As persoas interesadas poderán presentar a solicitude de participación en calquera momento, sen suxeición a prazo, desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

En cada ciclo anual de adxudicación incluíranse as solicitudes de participación e petición de destinos que consten rexistradas en Fides/expedient-e e formalmente presentadas ata o 15 de xaneiro do respectivo ano.

Como excepción, e exclusivamente para o primeiro ciclo de adxudicación, correspondente ao presente ano, serán tidas en conta e admitiranse as solicitudes de participación que consten rexistradas en Fides/expedient-e e formalmente presentadas ata o 1 de marzo de 2021.

Cuarto. Serán de aplicación a este proceso as bases aprobadas pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 20 de novembro de 2017 (DOG núm. 227, do 29 de novembro) e o baremo de méritos aprobado pola Resolución do 23 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (DOG núm. 105, do 5 de xuño).

Quinto. Para efectuar as consultas e resolver as dúbidas que xurdan en relación con este procedemento, habilitase o seguinte enderezo de correo electrónico: concurso.traslados@sergas.es

Sexto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2021

Ana M^a Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

